

8 de marzo: Día das Mulleres

Unidade didáctica:

MOS A MEDIAS

Nivel: 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria

STEG



STEG

Asemblea de Mulleres

INTRODUCCIÓN

Estimado/a mestre/a:

Un ano máis o 8 de Marzo, día das mulleres, achégase ás nosas vidas para nos lembrar, e non sen certa dor, que as mulleres aínda seguimos sendo discriminadas, maltratadas, asasinadas, tratadas de diferente forma que os homes na nosa sociedade e ata na nosa propia casa.

Este ano, e ante a proximidade da tramitación da nova Lei de Conciliación da vida Laboral e Persoal, queremos dedicalo a traballar o tema da **CORRESPONSABILIDADE**.

Corresponsabilidade significa: responsabilidade compartida, e é un dos fundamentos da convivencia. No ámbito familiar a corresponsabilidade significa asumir e compartir todas as responsabilidades na toma de decisións e na planificación de todas as tarefas necesarias para o ben dos membros da familia.

A corresponsabilidade pode conseguir moitos beneficios para todas e todos:

- ✍ Igualdade entre homes e mulleres.
- ✍ Relacións sen tensións nin conflitos.
- ✍ Poder gozar do tempo de lecer todas e todos por igual.



Así pois, xa é hora de comezar a cambiar as mentalidades para que mulleres e homes teñamos un reparto equitativo de responsabilidades, tarefas, traballos... que eviten as dobres xornadas de traballo que normalmente nos vemos obrigadas a soportar na nosa vida.

Con esta unidade didáctica pretendemos:

- ✍ Facer reflexionar de cal é a realidade próxima a nós e aos nosos alumnos e alumnas e que é o que debemos facer para cambiala.
- ✍ Ir facendo visibles ás mulleres nas nosas casas, nos nosos centros e nas nosas vidas.

Asemblea de Mulleres do STEG

Proposta didáctica: "Imos a medias"

"Todas as desgrazas do mundo proveñen do esquecemento e o desprezo que ata hoxe se fixo dos dereitos naturais e imprescindibles das mulleres"

"Unión Obrera" Flora Tristán

OBXECTIVOS




- ✍ Modificar estereotipos que se consideran como tipicamente masculinos e femininos.
- ✍ Coñecer a realidade da división do traballo en razón de sexo nos seus propios fogares.
- ✍ Educar en igualdade de dereitos e oportunidades a nenos e nenas, sen que as diferenzas sexuais supoñan subordinación ou exclusión.
- ✍ Establecer fórmulas para que os nenos e as nenas fagan as mesmas actividades dentro da aula.
- ✍ Sensibilizar progresivamente aos nenos para que compartan as responsabilidades domésticas.

CONTIDOS

- ✍ Medidas de acción positiva que realizaremos na aula para lograr a igualdade de sexos.
- ✍ Reflexións sobre a dobre ou tripla xornada laboral que realizan as mulleres:
 - ✍ No traballo fóra de casa.
 - ✍ No traballo de casa.
 - ✍ Nas súas actividades sindicais, políticas, sociais...
- ✍ Realización cos alumnos e alumnas de enquisas, conversas, diálogos sobre que traballos realizan os seus pais e nais, eles e elas.
- ✍ Valorar positivamente as medidas encamiñadas a lograr a igualdade entre sexos.
- ✍ Valorar positivamente as funcións de homes e mulleres.
- ✍ Fomentar o compañeirismo.
- ✍ Traballar na idea de que ningún sexo prevalece sobre o outro; os dous somos iguais e os dous debemos traballar xuntos para "ir a medias" pola vida.



 Le este texto de Flora Tristán:

*“ A vós, obreiros que sodes as vítimas da desigualdade de feito e da inxustiza, a vós tócavos establecer por fin sobre a terra o reino da xustiza e **da igualdade absoluta entre a muller e o home**. Dade un grande exemplo ao mundo (...) e mentres reclamades a xustiza para vós, demostrade que sodes xustos, equitativos; **proclamade, vós, os homes fortes, os homes de brazos nus, que recoñecedes á muller como a vosa igual**, e que, a este título, lle recoñecedes un dereito igual aos beneficios da unión universal dos obreiros e obreiras.”*

*Flora Tristán
La Unión Obrera 1843*


Flora Tristán escribiu este texto en 1843; pasaron máis de 160 anos...

¿Pensas que ten sentido este texto hoxe en día?

¿Coidas que as mulleres seguen necesitando reclamar a súa igualdade?

¿Cambiou algo?

¿Que conclusións se poden sacar?



A large graphic of a stack of papers with a folded corner, containing horizontal lines for writing.

✍ Observa a viñeta de Forges. Que che suxire?. Falade sobre ela e Escribide as conclusións.



✍ A modo de conclusión propomos unha serie de ideas que nos axudasen a coeducar aos nosos alumnos e alumnas:

✍ *Considerar que as nenas e os nenos teñen as mesmas oportunidades, dereitos, responsabilidades e oportunidades.*

✍ *Respectar os seus gustos e diversións.*

✍ *Flexibilizar os elementos educativos ligados ao xénero, (roupa, xoguetes, contos, agasallos e amizades), aínda que non encaixen nas asignadas tradicionalmente a cada sexo na nosa sociedade.*

✍ *Mostrar afecto, dar seguridade emocional e facilitar a expresión de sentimentos a ambos os dous sexos pero especialmente aos nenos que tradicionalmente son máis censurados por iso.*

✍ *Usar unha linguaxe non sexista.*

✍ *Desenvolver un espírito crítico ante os elementos sexistas que existen na nosa sociedade.*

✍ *Tentar ofrecer modelos reais (mestra, mestre, pai, nai) que transmitan mensaxes positivas de igualdade, respecto, afecto, cooperación e corresponsabilidade entre ambos os dous sexos.*

STEG